

## Os prezos da diplomacia

*Fernando Pérez-Barreiro Nolla (A Nosa Terra, 05/02/2009)*

Os pobos malfadados cun emprazamento xeopolítico importante rematan por afacerse a non viver nunca de seu. Ou, moitas veces, a arranxar sistemas de política que lles permiten manter o contacto coa súa terra e os seus hábitos mentras ven pasar ocupantes diversos. Iso é o que o que chaman –o que os imperios chaman– ingobernabilidade. Non estou pensando agora en Gaza nin en Chechenia, senón no Afganistán. Mudan os xogadores no gran taboeiro, pero a ese país tócalle sempre estar no centro do conflito de intereses. Ler hoxe a historia das guerras dos británicos en Afganistán, dentro do Grande Xogo con Rusia para protección do goberno imperial na India, é moi ilustrador. E a conclusión é que non hai vitoria posible, e que é sempre un soño ou unha mentira pensar que se vai criar un réxime estábel naquelas terras. Pero unha vez empeñada a intervención exterior, tampouco hai maneira doada de parala.



**Semella claro que o problema máis inmediato de Obama como comandante en xefe non é xa o do Iraq senón o de Afganistán. A estratexia do xeneral Petraeus, que seguramente vai predominar, céntrase nun aumento de forzas polo de agora, semellante ao que en tempos de Bush propiciou unha certa saída de alivio á unha situación con defeitos de nacemento fatais. Non se trata xa de darlle a Afganistán un goberno estábel, se niso se pensou algunha vez. [Foto: Barack Obama e David H. Petraeus sobrevoan a cidade iraquí Sadr City en xullo de 2008].**

Semella claro que o problema máis inmediato de Obama como comandante en xefe non é xa o do Iraq senón o de Afganistán. A estratexia do xeneral Petraeus, que seguramente vai predominar, céntrase nun aumento de forzas polo de agora, semellante ao que en tempos de Bush propiciou unha certa saída de alivio á unha situación con defeitos de nacemento fatais. Non se trata xa de darlle a Afganistán un goberno estábel, se niso se pensou algunha vez.

O problema previo, e o máis difícil, é loxístico. Coa situación do Paquistán, que só pode resolver o exército do país, que é politicamente unha incógnita, os Estados Unidos e quen os acompaña non poden depender dese país para facer chegar a Afganistán non só os inmediatos reforzos –que tan traballoso é conseguir– mais tamén o posterior aprovisionamento.

As alternativas son custosas e costentas. A principal, unha ruta por Asia Central, dependente do acordo de Rusia. Teóricamente, cabería utilizar o camiño iraní, pero non é moi plausibel. Non se sabe o prezo que pedirá Rusia, imperio resurxente, para prestarse a tal solución. No caso do Irán, hai moito tempo que se sabe de contactos máis ou menos secretos entre Washington e Teheran. Dise incluso que andaba neles, non derradeiros días da administración Bush, o vello Henry Kissinger.

Non precisamente como vía de aprovisionamento, pero sí para estabilizar a situación en Iraq, precisa Obama do Irán. Unha certa estabilidade en Mesopotamia é esencial para poder aumentar o continxente estadounidense no Afganistán e reduci-lo no Iraq, como, ademais, prometeu facer. Non se pode facer iso ao prezo de propiciar unha maior intervención do Irán shíí en Iraq. Pero si vai ser alto o prezo de Moscova para a vía centroasiática, que non pedirá o Irán para non ser incómodo de máis no Iraq?

Obama está aprendendo duras leccións de multilateralismo. Prezos que hai que pagar cando se actúa en diplomacia.

*Fernando Pérez-Barreiro Nolla é membro do Consello Asesor do Igadi.*

05/02/2009 (c) Igadi, Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, [www.igadi.org](http://www.igadi.org)  
[http://www.igadi.org/artigos/2009/fpbn\\_os\\_prezos\\_da\\_diplomacia.htm](http://www.igadi.org/artigos/2009/fpbn_os_prezos_da_diplomacia.htm)